

XXII edición da homenaxe
“A escritora
na súa terra - Letra E”

HELENA

VILLAR

JANEIRO



A Homenaxe O/A Escritor/a na súa Terra, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), chega en 2016 á súa XXII edición recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de Helena Vilar, que será homenaxeada no Concello de Rianxo, a terra que ela elixiu para vivir os solpores da ría de Arousa.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de dúas décadas como unha celebración na que a terra de orixe ou adopción do homenaxeado/a cobra un protagonismo fundamental. É vontade da AELG honrar escritores/as procurando o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Unha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor/a (unha peza escultórica de Caxigueiro), a plantación dunha árbore simbólica (un loureiro elixido pola propia autora) e a colocación dun monólito conmemorativo.



ANTERIORES MERECEDORES/AS DESTA GALARDÓN

I Edición
ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS
1995 • Boa, Taramancos

II Edición
BERNARDINO GRAÑA
1996 • Cangas do Morrazo

III Edición
MANUEL MARÍA
1997 • Outeiro de Rei

IV Edición
MARÍA XOSÉ QUEIZÁN
1998 • Vigo

V Edición
XOSÉ NEIRA VILAS
1999 • Gres, Vila de Cruces

VI Edición
UXÍO NOVONEYRA (póstumo)
2000 • Parada do Courel

VII Edición
LUZ POZO GARZA
2001 • Ribadeo

VIII Edición
XOSÉ CHAO REGO
2002 • Vilalba

IX Edición
XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO
2003 • Nogueira de Ramuín

X Edición
SALVADOR GARCÍA-BODAÑO
ZUNZUNEGUI
2004 • Teis, Vigo

XI Edición
PURA E DORA VÁZQUEZ
2005 • Ourense

XII Edición
MARÍA DO CARME KRUCKENBERG
2006 • Vigo

XIII Edición
MANUEL LOURENZO
2007 • O Valadouro

XIV Edición
XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR
2008 • Melide

XV Edición
AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
2009 • Vilalba

XVI Edición
MARILAR ALEIXANDRE
2010 • Santiago de Compostela

XVII Edición
PACO MARTÍN
2011 • Lugo

XVIII Edición
XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS
2012 • Ribadeo

XIX Edición
MARICA CAMPO
2013 • O Incio

XX Edición
XABIER P. DOCAMPO
2014 • Castro Ribeiras de Lea

XXI Edición
XOSÉ M^a ÁLVAREZ CÁCCAMO
2015 • Vilaboa

11.30h
Paseo Marítimo no Peirao de Sete Fogas

Descubrimento do Monólito conmemorativo
e plantación do loureiro (árbore simbólica da escritora)

Interveñen:
Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG
Adolfo Muíños Sánchez, Alcalde de Rianxo
Helena Vilar Janeiro

Acto de entrega da "Letra E"
(Escola da I República - Cuartel vello)

Interveñen:
Adolfo Muíños Sánchez, Alcalde de Rianxo
Mercedes Queixas Zas, Secretaria xeral da AELG
Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG
Marica Campo: Laudatio

Entrega da peza escultórica do artista Caxigueiro.
Intervención da homenaxeada: Resposta á laudatio por parte de
Helena Vilar Janeiro

14.00h
Xantar no Pazo de Rianxiño

Xantar de confraternidade. Aberto aos/ás socios/as da AELG,
á veciñanza de Rianxo e demais persoas interesadas.



O traxecto desde o
Peirao de Sete Fogas
até o Pazo Rianxiño
pódese facer a pé en
15 minutos

Concello de Rianxo
25 de xuño de 2016

Escribir, tirar do fío para dispoñelo en urdas,
para pasar a trama, para facer a tea: tecer.
Tecer a vida cara adiante como as hedras da
clepsidra poboan o tempo que flúe. Tecer a
vida cara atrás como quen remonta o río e
volve a onde só a palabra recupera os instan-
tes. Recoller palabras de noso, tal abelorios, e
nomear o mundo igual que se bordara as
formas dos soños que fabula. Tiña que ser así
porque Helena medrou entre fíos na xastrería
familiar, primeiro ensino, primeiro ateneo, onde
se recitaban os clásicos, se interpretaba *bel canto*
e desfilaban historias e personaxes,
segundo ela mesma refire.

HELENA

VILLAR

JANEIRO

XXII edición da homenaxe
“A escritora
na súa terra - Letra E”

Concello de Rianxo
25 de xuño de 2016



HELENA

VILLAR

JANEIRO